CONCELLO DE VIGO

**Exp. 45411/220**

**PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DE SETE (7) PRAZAS DE CONDUTOR/A-BOMBEIRO/A (C2), INCLUÍDAS NA 1ª FASE DA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 (QUENDA LIBRE- CONCURSO OPOSICIÓN)**

# ANUNCIO DA RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A VALORACIÓN DA FASE DE CONCURSO

## PUBLICACIÓN DOS ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ADOPTADOS EN SESIÓNS DO 02/12/2025 E 05/12/2025:

## ACORDOS DA SESIÓN DO 02/12/2025:

O órgano de selección acorda, por unanimidade, resolver unicamente as reclamacións presentadas polas persoas aspirantes que continúan no proceso selectivo. En todo caso, respecto dos aspirantes que resultaron excluídos do proceso selectivo por non superar as probas anteriores e xa transcorreu o prazo para a interposición de recurso de alzada, este acto de exclusión é firme e consentido, polo que xa non existe un interese lexítimo, ao decaer o seu dereito de acceso.

| | |
|---|---|
| ALVAREZ MUÑIZ, LUCAS (***7443**) | DOCUMENTO 250107003 |

ALEGACION: Solicita corrección desglosada.

ACORDO: estimar e remitir a súa puntuación no concurso desglosada.

| | |
|---|---|
| MOLEDO GONZÁLEZ, R. (***3076**) | DOCUMENTO 250107367 |

ALEGACION: considera que o baremo aplicado non se axusta ás bases específicas.

MOTIVACIÓN: o órgano de selección aplicou o baremo da fase de concurso previsto nas bases específicas: Punto VI (BOP n.º 169 do 30/08/2024).

ACORDO: desestimar a reclamación.

| | |
|---|---|
| LAGO BARCIELA, M. (***4547**) | DOCUMENTO 250107680 |

ALEGACION: Solicita:

- respecto da antigüidade, que lle sexan valorados 36 meses.
- respecto da formación, que non foron tidos en conta varios dos cursos acreditables impartidos pola entidade Seganosa. Indica que estes cursos foron realizados no marco da formación específica para bombeiros de novo ingreso da promoción do ano 2021.

ACORDO:

Estimar a reclamación no tocante a antigüidade, coa valoración de 36 meses, ao concorrer un erro no anuncio publicado, onde constaban 35 meses, pasando a ter unha puntuación neste apartado

ASINADO POR: DIRECTORA DE INGRESOS E XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA - ( Mª DEL CARMEN PAZOS AREA ) 09/12/2025 14:38:49

Documento asinado

de 3,6 (en lugar de 3,5) e desestimar a reclamación referida á formación, por canto o criterio do órgano de selección é que o curso selectivo de ingreso é unha formación única (no caso do interesado, de 160 horas), que xa foi valorada.

| | |
|---|---|
| BASTON OTERO, N. (***1984**) | DOCUMENTO 250107680 |

ALEGACION: solicita que se revise a puntuación xa que considera que polos cursos achegados ten que ter a puntuación máxima.

MOTIVACION: A puntuación outorgada é correcta para valorar os cursos de “Novo ingreso” . Os módulos que compoñen ditos cursos son partes dun todo e, polo tanto, computarán como un único curso, cuxa carga horaria será o resultado da suma total das horas de cada módulo.

ACORDO: Desestimar a reclamación formulada.

## ACORDOS DA SESIÓN DO 05/12/2025:

| | |
|---|---|
| MELON LEIRO, M.A. (***6028**) | DOCUMENTO 250107964 |

ALEGACION: Solicita revisión da súa puntuación, por canto considera que ten que ter 0,3 puntos máis na experiencia e 4 puntos en formación.

MOTIVACIÓN: Non procede outorgar 0,3 puntos no apartado experiencia por canto considerouse o certificado de servizos prestados noutro Concello, pero constatouse que non corresponde coa clase e categoría da praza da presente convocatoria.

No relativo á formación, valorouse con 2,5 puntos:
- considerando o Certificado de Profesionalidade de SEGANOSA como un solo curso de valor 0,60 (sen pormenorizar os Módulos Formativos)
- valorando un curso de “construcción con madera” que non consta na lista agora remitida
- e non puidendo ter en conta o curso “Nivel Básico de Prevención na Construcción” (60 horas) de AIMEN por falta de homologación

A puntuación outorgada é correcta seguindo o criterio establecido polo tribunal para valorar a expediente e en canto aos Certificados de Profesionalidade, onde os Módulos Formativos que compoñen ditos certificados computarán como un único curso por valor de 0,60 puntos, ao ser a carga horaria o resultado da suma total das horas de cada módulo.

ACORDO: Desestimar a reclamación formulada.

| | |
|---|---|
| RODRIGUEZ RIAL, B. (***1830**) | DOCUMENTO 250108229/250106955 |

ALEGACION CONTIDA EN DOCUMENTO 250108229: *“que se faga pública a baremación de méritos de cada aspirante en canto a formación, e dicir os cursos presentados e a puntuación atribuida a cada curso ou no seu defecto de non ser posible se permita o acceso a esa información aos interesados”*

MOTIVACIÓN: Calquera interesado ten acceso ao expediente, conforme ás bases da convocatoria.

ACORDO: Estimar parcialmente esta reclamación no sentido de permitirlle o acceso ao expediente.

ASINADO POR: DIRECTORA DE INGRESOS E XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA - ( Mª DEL CARMEN PAZOS AREA ) 09/12/2025 14:38:49

Documento asinado

ALEGACION CONTIDA EN DOCUMENTO 250106955

ALEGACION: Solicita que se valore o tempo de motobombista no Concello de Moaña, por canto considera que teñen que computarse 8 meses, en vez de 6.

MOTIVACIÓN: Revisada a documentación presentada polo aspirante, procede a ratificación da puntuación no apartado de experiencia, segundo certificación de servizos prestados en Moaña.

ACORDO: Desestimar a reclamación formulada.

| | |
|---|---|
| FERNANDEZ COSTAS, D. (***9612**) | DOCUMENTO 250108743 |

ALEGACION: SOLICITA: *"Que se revise nuevamente mi expediente y valoren los cursos mencionados conforme a los criterios establecidos en las bases y se actualice mi puntuación en la fase de concurso si procede."*

MOTIVACIÓN: se deduce que a discrepancia está nos *"Cursos Novo Ingreso"* impartidos en SEGANOSA e parque de Bombeiros Vigo. O aspirante considera cursos independentes que puntúan en total os 4 puntos máximos, en contra dos 2,6 puntos que se lle outorgaron na valoración publicada.

ACORDO: A puntuación outorgada é correcta para valorar os cursos de "Novo ingreso" . Os módulos que compoñen ditos cursos son partes dun todo e, polo tanto, computarán como un único curso, cuxa carga horaria será o resultado da suma total das horas de cada módulo.

ACORDO: Desestimar a reclamación formulada.

| | |
|---|---|
| LORENZO RODRIGUEZ, J.M. (***6877**) | DOCUMENTO 250108813/250100880 |

ALEGACION: SOLICITA:

*"Que el tribunal… realice una nueva valoración de los documentos aportados para la fase de concurso…".*

*"... el total de puntuación… sería: 3,4 puntos por experiencia + 3,2 puntos por formación = 6,6 puntos…"*

MOTIVACIÓN:

O órgano de selección valorou 1,4 puntos no apartado experiencia e 0 puntos en formación.

Revisada novamente a documentación achegada coa solicitude, constátase que acreditou experiencia no Concello de Mos valorable por un período de 20 meses. Procede en consecuencia sumarlle 2 puntos aos 1,4 outorgados, o que fai un total de 3,4.

No tocante á formación, revisada novamente a documentación achegada coa solicitude, constátase que acreditou a seguinte formación:

- Certificado de Profesionalidade: Extinción de Incendios e Salvamento (SEAD0111- SEGANOSA)- 728 horas: 0,60
- Normativa e instalación de prevención de riscos de incendios e emerxencias (AGASP- 90 horas): 0,60
- Intervención en emerxencias para o persoal dos GES (AGASP- 70 horas): 0,60
- Dinámicas, solucións técnicas de extinción de incendios en interiores (AGASP- 21 horas): 0,20

ASINADO POR: DIRECTORA DE INGRESOS E XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA - ( Mª DEL CARMEN PAZOS AREA ) 09/12/2025 14:38:49

Documento asinado

- Intervención con risco eléctrico (AGASP- 21 horas): 0,20
- Intervención con vehículos especiais (AGASP- 24 horas): 0,20
- Operacións básicas de uso de maquinaria e ferramenta (AGASP- 21 horas): 0,20
- Rescate no contorno urbano (AGASP- 24 horas): 0,20
- Riesgo Biológico (SEGANOSA- 24 horas): 0,20
- Instrutor de seguridade de polígono de lume (SEGANOS- 21 horas): 0,20

En formación acreditou 3,2 puntos.

ACORDO: Estimar a reclamación e outorgar 3,4 puntos en experiencia e 3,2 en formación o que fai un total 6,6 puntos.

| COMESAÑA MARTINEZ, B. (***8974**) | DOCUMENTO 250109012 |
|---|---|

ALEGACION: SOLICITA: *“Se tenga en cuenta, además de la ya admitida, la Experiencia Profesional desarrollada como Conductor-Bombero en el Concello de Ponteareas para… Conductor-Bombero /Expediente: 240281028…”*

MOTIVACIÓN: O órgano de selección valoroulle con 4,9 puntos no apartado experiencia e 4 puntos no apartado formación, conforme á documentación achegada coa súa solicitude dentro do prazo de admisión de solicitudes, polo que ratifícase a puntuación.

ACORDO: Desestimar a reclamación formulada.

| LISTE RECAREY, J.D. (***3823**) | DOCUMENTO 250109498 |
|---|---|

ALEGACION: Solicita que se lle valoren como cursos distintos o curso realizado en SEGANOSA de 500 horas de duración.

MOTIVACIÓN: A puntuación outorgada é correcta para valorar os cursos de “Novo ingreso” . Os módulos que compoñen ditos cursos son partes dun todo e, polo tanto, computarán como un único curso, cuxa carga horaria será o resultado da suma total das horas de cada módulo.

ACORDO: Desestimar a reclamación formulada.

| RODRIGUEZ ALVAREZ, R.M. (***4726**) | DOCUMENTO 250113144 |
|---|---|

ALEGACION: Solicita relación de cursos valorados e non valorados.

MOTIVACIÓN: O órgano de selección outorgoulle no apartado formación 3,1 puntos sobre un total de 4 puntos. Se constata que a discrepancia radica na puntuación do Curso de Novo Ingreso. O órgano de selección mantén o criterio expresado para outros casos: Os módulos que compoñen ditos cursos son partes dun todo e, polo tanto, computarán como un único curso, cuxa carga horaria será o resultado da suma total das horas de cada módulo.

ACORDO: Desestimar a reclamación formulada.

ASINADO POR: DIRECTORA DE INGRESOS E XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA - ( Mª DEL CARMEN PAZOS AREA ) 09/12/2025 14:38:49
Documento asinado

| | |
|---|---|
| CORBACHO RODRIGUEZ, A. (***8476**) | DOCUMENTO 250113989 |

ALEGACION: Solicita que se lle outorguen 4,8 puntos en experiencia en vez dos 4,5 puntos que lle foron asignados.

MOTIVACIÓN: Revisada a documentación presentada polo aspirante, procede a ratificación da puntuación no apartado de experiencia, por canto na certificación de servizos previos no Concello de Ponteares achegada non consta a prestación de servizos nun posto da mesma clase e categoría que a da presente convocatoria.

ACORDO: Desestimar a reclamación formulada.

| | |
|---|---|
| LOPEZ PAZ, G. (***5319**) | DOCUMENTO 250118912 |

ALEGACION: Manifesta diferencia de valoración con outro órgano de selección.

MOTIVACIÓN: O órgano asignoulle 1,6 puntos en experiencia e 4 puntos en formación, o que fai un total de 5,6 puntos, puntuación que se ratifica.

ACORDO: Desestimar a reclamación formulada.

| | |
|---|---|
| GONZALEZ POSADA, J.D. (***7765**) | DOCUMENTO 250109106 |

ALEGACION: Solicita revisión da súa puntuación, tanto no apartado experiencia como na formación.

MOTIVACIÓN: Non procede variar a puntuación da experiencia por canto a certificación achegada non corresponde a un posto da mesma clase e categoría que a da presente convocatoria.

No tocante á formación, procede a ratificación na puntuación outorgada de 3, 8 puntos.

ACORDO: Desestimar a reclamación formulada.

**RECURSOS:** Contra os anteriores acordos caberá interpoñer **recurso de alzada**, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a Dereito.

A Secretaria do órgano de selección (sinatura dixital)

ASINADO POR: DIRECTORA DE INGRESOS E XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA - ( Mª DEL CARMEN PAZOS AREA ) 09/12/2025 14:38:49

Documento asinado